

CUADRANTE



NUEVOS DOCUMENTOS:

VALLE-INCLÁN ENTREVISTADO EN LA HABANA (1921)

VALLE-INCLÁN EN EL CINE:

VALLEINCLANISMOS POR EXIGENCIAS DEL GUIÓN

VALLE-INCLÁN A ESCENA. XORNADAS DE 2004

VIAJE POR LO QUE QUEDA DEL MUNDO DE VALLE-INCLÁN

Nº 10

Los Amigos
Valle Inclán

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

NUEVOS DOCUMENTOS:

VALLE-INCLÁN ENTREVISTADO EN LA HABANA (1921)

VALLE-INCLÁN EN EL CINE:

VALLEINCLANISMOS POR EXIGENCIAS DEL GUIÓN

VALLE-INCLÁN A ESCENA. XORNADAS DE 2004

VIAJE POR LO QUE QUEDA DEL MUNDO DE VALLE-INCLÁN

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
Xaneiro 2005

Director:
Gonzalo Allegue

Subdirector:
Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de redacción:
Víctor Viana

Consello de Redacción:
Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:
Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:
Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:
Nieves Loperena

Imprime:
Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

SUMARIO:

Margarita Santos Zas
Nuevos documentos: Valle-Inclán entrevistado en La Habana (1921)..... pax. 5

Josefa Bauló Doménech
Valle-Inclán en el cine: valleinclanismo por exigencias del guión pax. 29

José Monleón
Vigencia histórica del esperpento pax. 48

Rodolfo Cardona y Anthony N. Zahareas
Visión panorámica de la obra de Valle-Inclán (1890-1930)..... pax. 67

Eduardo Alonso
Traxedia de terras de Salnés pax 81

Miguel Pernas
Unha bufanda para don Ramón pax 90

Nuñez Sabarís
Valle-Inclán, la novela corta y el drama. Un ejemplo de transmodalización: el ciclo de Octavia Santino pax 94

Sandra Dominguez
Josefina Blanco: la historia de un papel secundario pax 109

Catalina Miguez
La importancia de la luz en las primeras obras dramáticas en prosa de Valle-Inclán (1899-1912) pax 127

Torrente Ballester
Viaje por lo que queda del mundo de Valle-Inclán..... pax 140

Os artigos que seguen foron lidos nas Xornadas de marzo de 2004 que, baixo o título «Valle-Inclán a escena», foron convocadas polo Exmo. Concello de Vilanova de Arousa.



UNHA BUFANDA PARA DON RAMÓN

Miguel Pernas

Abrétema decidiu acompañarme na ascensión. Esa brétema persistente que semella se-la aura de todo un pobo, o meu.

Había días que recibira o chamado, pero o trepidante ritmo da vida occidental obrigoume a pospoñe-lo encontro. Tampouco deu os seus froitos a tentativa de cambia-lo lugar da cita. ¿Por qué non encontrámonos nun lugar máis doado, nun entorno máis facilitador de palabras, con café e licor de por medio?

Non, non foi posible. Supoño que as cousas importantes levan consigo a súa carga de esforzo, algo ben sabido polo que suscribe. Había que chegar aló. ¿Via Crucis ou Camiño de Damasco? ¿Caída da burra ou Conciencia do peso da Cruz...?

Lixeiro de equipaxe comecei a ascensión, acompañado da persistente brétema que me rodeaba e que tamén se instalara no centro do meu corazón. Foi alí precisamente onde sentira a súa voz, alta e clara, cargada cos ecos de outros tempos e con aquel non-sei-qué tan característico na emisión das palabras. A pesares que el dera en presentármese, nun principio eu non acreditei... a cousa non era para menos...

¿Por qué eu?, pensaba mentres os meus pasos me encamiñaban ó lugar do encontro. Eu que non son máis ca un pequeno actor teimoso de vivir do seu traballo... hai xente máis famosa, máis representa-

tiva, máis académica e estudiosa... Será pola miña crenza no cruce dos mundos, nos aparecidos, en tarots e estadeas, en bruxos e meigas, pensaba eu... E perdido en toda esta verborrea interior cheguei ó lugar...

Xa estivera alí antes, naquel mirador sobre a ría de Arousa. Xa disfrutara antes daquela ollada sobre a ría e o Atlántico. Pero hoxe era distinto, outra sensación acompañaba os meus latexos. Unha ansiedade difícilmente describable me facía contemplar aquel busto de pedra cunha ollada cómplice. El citárame aquí, na Currota, diante da súa efixie, diante do mar que o viu nacer..

Aquí estou, don Ramón! Aquí estou, don Ramón!, repetíame eu mesmo, aínda sen saber se estaba vivindo unha situación real ou se todo era obxecto dunha oniría á maneira... Aquí estou, don Ramón! Vostede foi quen me chamou...!

De súpeto, a brétema foise agachando nun punto de si mesma e a claridade do sol outonal invadiuno todo, árbores e veredas, cómaros e pedras. O mar adquiriu o protagonismo dun heroe clásico e o aire abandonou de vez a súa abafante densidade. Era o silencio, era a luz, era como mergullarse nun infinito caleidoscopio... E, novamente soou a súa preclara voz:

— Vai frío. Tráeme unha bufanda.

DE SEÑORES, TIRANOS E CAMISAS AZUIS

Unha aristocracia rural en decadencia que combinaba un espírito paternal, violento e cruel con outro caritativo e, ás veces, perseguidor da xustiza, sempre adobiados cun aquel de «donjuanismo» enfrontado á visión dionisíaca do xoglar. Unha escasa clase media urbana. Unha pequena clase media rural tremendamente negativa e composta por escribanos cupídicos, xuíces, avogados e alguacís, boticarios e outros comerciantes, clérigos sacrílegos e luxuriosos, ex-emigrantes das Américas... un pobo sufrido e paciente, pendente da caridade dos amos, pero consciente do sentido mítico da súa existencia... Unha sociedade arcaica con ecos medievais, unha Galicia semifeudal... Ei-lo tempo que viviu don Ramón...

Pero (¡quen o ía dicir!) os señores continuaron... e os escribanos, os avogados, os comerciantes, as vacas e os confesionarios, os clérigos avaros... e a conciencia de escravitude en feiras e mercados.

Eran outros os tempos e seguíamos agardando os heroes que desen testemuña da nosa dimensión... Agora os desleigados vestían camisa azul, camisa que non era quen de perde-la cor desde os días do Frente de Xuventudes... E, aquí, neste panorama, invéntase algo chamado Teatro Galego...

Nace o Teatro Galego nos setenta, na resistencia, nun combate estético-inxenuo contra a dominación da mediocridade de manguitos e señoríos, de censuradores de rabo curto e bordados de frechas no peto da blusa... ¿E de qué se fala na trincheira, dos corsés da Marquesa Rosa-

linda ou dos anceios de tirios e troianos de vencer? ¿vence-lo qué? «O pobo unido xamáis será vencido», unha rogativa diante dun panorama gris... ¿Disolución dos corpos represivos? ¿desde o Teatro?

E por fin morre o tirano, de seu, pero morre... ¿De qué falabamos entón no Teatro? ¿De paxariños piadores e volvo-retas? Non, intentabamos un exercicio de conciencia para intentar descubri-la verdadeira dimensión do que eramos, un pobo que anceiaba a súa liberdade, o desprendemento das cadeas que nos ataban ós señores de sempre, ás malditas bandeiras de sempre, á opresión, á negación, á merda..

E nace a Mostra de Ribadavia como catalizador de loitas e sabores e alí estamos todos libando o bó viño do Ribeiro, esperanzados nunha benfeitora sucesión de presentes, nunha calidade situacional de cambio a algo distinto ó mamado...

Anos setenta, a esperanza está servida...

OS ENTANGARAÑADOS E O CARRO DO IDIOTA

Os mendigos, os lisiados, os salmodianos... aqueles serventes con conciencia de escravos que atopaban a súa realización en feiras e mercados... Os visionarios, os bruxos, os guerrilleiros... Os falsos pelegriños que daquela agardaban o copyright do Xacobeo... Juana la Reina arrastrando o carro do Idiota na romaría do Corpiño...

Algo non debe ir ben cando un subnormal hidrocéfalo é o ben máis prezado para toda unha familia, pero ahí estamos nós, os Gailo, de feira en feira, de merca-

do en mercado, coa nosa furgoneta, cos nosos trebellos, pedindo a esmola que nos ha posibilitar ser homes e mulleres de ben...

Son tempos duros, meu amigo, pero hai movemento... E o movemento sempre é precursor do cambio... ¿O cambio hacia onde? ¿Fundíuse na nada o maiorazgo absoluto sobre as terras e as xentes? ¿Rematou xa o sofrimento dun pobo paciente que depende da caridade dos amos...?

Non sei, non sei, eu sigo coa miña furgoneta da Ceca á Meca... eu intento facer algo, pero non me poñas na palestra, eu non son máis ca un entangarañado na procura do seu espazo... E os carros continúan a rodar por todo o país... ¿Valle-Inclán? ¿Valle-Inclán?... Non sei de qué me falas...

O CALEXÓN DO GATO

E os do carro fanse profesionais do carro. O Teatro Galego acada outra dimensión, aínda que continúen feiras e mercados... Celébranse os vintecinco anos do Teatro galego e é hora de ollarse nos espellos do calexón do Gato, iluminados, se cadra, polas Luces da Bohemia.

Espello, realidade, memoria... ¿cómo combinar estes tres conceptos?

Os heroes clásicos foron pasear polo calexón do Gato. Os heroes clásicos reflectidos nos espellos cóncavos dan o esferpento. As imaxes máis fermosas, nun espello cóncavo, son absurdas...

¿Cal é a realidade? ¿A que nos devolve o espello...? ¿Aquel enorme corpo autosuficiente e sabedor de relicarios e pre-

bendas? ¿Ou ésta do naipelo que desexa medrar dentro do líquido que lle ha conducir a ter conciencia do que foi e do que é?

Un espello chama pola memoria, a memoria debe conforma-la realidade e a realidade adoce de ser pervertida para se converter noutra cousa... Espello, realidade e memoria como ingredientes dun exercicio necesario pero severo... A merda que máis cheira é a merda cagada espontáneamente.

Paso pola ferretería e digo: ¡Ahí estou eu! ¡Que guapo que estou! ¡Qué bonito é todo isto!... E o xugo de tiranos, señores e camisas azuis aínda gravita sobre os nosos ombros...

EL.- Vai frío. Tráeme unha bufanda.

EU.- ¿Unha bufanda? Non sei de qué fala, don Ramón.

EL.- En Madrid adoitan poñerme unha nestes tempos...

EU.- ¿Unha que?

EL.- Unha bufanda, polo frío...

EU.- Ben, traereilla...

EL.- Non ti, ti como representante dos do teatro de aquí...

EU.- Pero eu non lle son...

EL.- Parvadas! Ti ben sabes quen es...

EU.- Don Ramón, en Madrid quereño máis que aquí...

EL.- ¿Que aquí non...?

EU.- Non, vostede énos alleo...

EL.- ¿E logo? ¿Qué me dis do que vés de escribir...?

EU.- Pero eu non...

EL.- ¡Paparruchas! ¿Non falabas do meu teatro?

EU.- Non, don Ramón, falaba do noso Teatro.

EL.- ¿Do noso de quen?


EU.- Do noso, dos galegos...
EL.- ¿E o meu non é o voso?
EU.- Non, don Ramón.
EL.- ¡Cómo que non, se o acabas de describir como eu o faría...!
EU.- Hai un pequeno problema...
EL.- ¿Qué cona de problema...?
EU.- A lingua, don Ramón.
EL.- ¿A lingua?
EU.- Si, vostede non escribiu en galego, aínda que podería facelo...
EL.- Si que escribín en galego. ¿Ou non lembra-la miña *Cántiga de vellas* e as copliñas que fun metendo nas miñas obras de ambiente galego...?
EU.- Para algúns non é dabondo...
EL.- Eu sempre pensei en galego, e aínda que as palabras fosen noutro idioma, a miña lingua transparentábase...
EU.- Dígalle iso ós seus herdeiros...
EL.- Os meus herdeiros sodes vós...
EU.- ¿Nós?
EL.- Si, tódolos galegos...
EU.- Nós hérdamo-lo seu patrimonio situacional, pero non a posibilidade de face-las súas obras na nosa lingua...
EL.- ¡Vai á merda! En mala hora te escollín, badulaque...
EU.- Non se excite, don Ramón...

EL.- Eu excítome cando me dá a gana... ¿Ti quen ves sendo?
EU.- Vostede deberíao saber, que foi quen me chamou...
EL.- ¡Un merdán!
EU.- Por suposto, don Ramón, pero aquí estou...
EL.- ¡Un ninguén!
EU.- Si, don Ramón, pero aquí estou...
EL.- ¡Un castrón!
EU.- O que queira, don Ramón, pero aquí estou...
EL.- ¿Quién che dixo a ti que non podíades poñe-las miñas palabras en galego?
EU.- Creo que foi vostede quen o decidiu así...
EL ¡E un carallo! Non tal.
EU.- Pois é o que se nos ten contado...
EL.- Por favor, que estou convosco...
EU.- Diso non teño a menor dúbida...
EL.- Que non me secuestren...
EU.- Creo que gañaríamos todos...
EL.- Quero descansar!
EU.- E nós que descanse...
EL.- Teño frío!
EU.- É que o fai...
EL.- Traeme unha bufanda!
EU.- Si, don Ramón.



CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA

REPSOL
YPF






Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P.

5 €